

MOVEMENTO DE TERRAS

Escavación de gabias	14,04 €/m ²
Escavación de vaciados	4,55 €/m ²
Recheo de gabias	24,33 €/m ²
Recheo a ceo aberto	13,66 €/m ²
Carga e transporte de terras a vertedoiro	7,00 €/m ²

MUROS DE CONTENCIÓN

Muro de contención de mampostería	154,67 €/m ³
Muro de contención de formigón armado	124,37 €/m ³

PECHES DE PARCELAS

Malla metálica sobre dúas fiadas de bloque revestido con morteiro e pintado	39,39 €/m
Malla metálica de 1,5 m de alto	13,56 €/m
Muro de fábrica de granito 2 caras vistas	252,84 €/m ³
Muro de fábrica de granito 1 cara vista	231,58 €/m ³
Muro de bloque de formigón para revestir por ambas caras, altura 1 m	55,36 €/m

PINTURAS

Pintura interior	4,53 €/m ²
Pintura exterior	9,25 €/m ²

TUBOS PARA PASO

Tubo de paso para entrada a fincas	46,16 €/m
Silleda, a 20 de setembro de 2012.—A Alcaldesa, Paula Fernández Pena.	2012008988

A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 153 de data 09 de agosto de 2012 do anuncio relativo a aprobación inicial da “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos e Servicios Urbanísticos”, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tener literal seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E SERVICIOS URBANÍSTICOS*ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

No uso das facultades conferidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos arts. 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, de acordo co previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

ARTIGO 2º .—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida por mor da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou de expedientes de que entenda esta administración municipal.

2.—Non estará suxeita a esta taxa, a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estén gravados por outra taxa municipal ou polos que esixa un prezo público este Concello, así como os que se expidan en virtude de oficio de xulgados ou tribunais de xustiza.

ARTIGO 3º .—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei xeral tributaria que soliciten, motiven ou redunde no seu interese, a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4º .—RESPONSABLES

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º .—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, consonte o cadro de tarifas previsto no anexo I desta ordenanza, e corresponderá á tramitación completa do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

ARTIGO 6º .—DEVENGO

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presenta a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes que constitúen o feito imponible deste tributo.

ARTIGO 7 .— LIQUIDACIÓN E INGRESO

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación mediante o impreso que se facilite nos servizos económicos deste concello.

ARTIGO 8.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor e será aplicable a partir da data de publicación da súa redacción definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

A taxa que se regula na presente ordenanza fiscal estrutúrase nas seguintes tarifas:

1) *POR DOCUMENTOS EXPEDIDOS POLA POLICIA LOCAL*

1.1 Atestados (danos en bens privados)	80 €
1.2 Outros informes	30 €

Terán unha bonificación do 95% os informes necesarios para solicitar xustiza gratuíta e para as axudas de transporte sanitario.

2) *POR DOCUMENTOS EXPEDIDOS NO DEPARTAMENTO DE URBANISMO*

2.1 Por expedición de cédulas urbanísticas, informes urbanísticos e certificados relativos ó planeamento urbanístico	60,00 €
2.2 Por licencias municipais de segregación e parcelación	
a) En solo urbano ou urbanizable	120,20 €
b) En solo rústico	60,10 €
2.3 Licenza de parcelamento urbanístico. Por cada parcela resultante	45,00 €
2.4 Transmisión de Licenza	36,00 €
2.5 Autorizacións previas en solo non urbanizable (sen incluír prezo do anuncio en prensa)	56,00 €
2.6 Solicitud de declaración de ruína	245,0 €
2.7 Solicitud de tramitación de figuras de planeamento de iniciativa particular:	
A cota a satisfacer será a resultante do seguinte cálculo:	
(Superficie do solo en m ² x proposta edificable x 0,06 €/m ²) + (superficie do solo en m ² x 0,03 €/m ²)	
2.8 Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico. Cota única por unidade	199,00 €
2.9 Por copias dixitalizadas do PXOM	
a) Completas	25,00 €
b) Por tomo	10,00 €
c) Por calquera unidade inferior a un tomo	5,00 €
2.10 Copia de cartografía	
a) en papel opaco DIN A3 ou DIN A4 en branco ou negro	0.50 €/ud
b) copia de cartografía dixitalizada	5,00 €

Non estarán suxeitas a Ordenanza as segregacións ou parcelacións que teñan por obxecto única e exclusivamente a dos terreos obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta.

3) *CERTIFICACIÓNS*

3.1 Por expedición de certificacións de acordos municipais	
a) do ano en curso	5,00 €
b) de anos anteriores	8,00 €
3.2 Por recoñecemento de poderes notariais	8,00 €

3.3 Por cotexo de documentos

a) primeira folia	1,00 €
b) segunda e seguintes	0,30 €
3.4 Certificados de empadramento, convivencia e residencia	1,00 €
3.5 Certificados de antigüedad de empadramento	3,00 €
3.6 Certificacións doutros documentos non comprendidos anteriormente	5,00 €
3.7 Outros informes emitidos polo persoal técnico municipal	5,00 €

Tódolos documentos que se emitan por e-administración terán carácter gratuíto. No caso de non poder acceder a rede e soliciten a impresión dos certificados dixitais no concello o prezo dos mesmos bonificaranse cunha redución do 50 %

Silleda, a 20 de setembro de 2012.— A Alcaldesa, Paula Fernández Pena.

2012008989

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

De Vigo

EDICTO

Doña Carmen Adellac Pascual, Secretaria Judicial del Juzgado de lo Social número dos de Vigo.

Hago saber: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de Johanna Burguillo Rivas contra Hermanos Gulias González SL, en reclamación por despido, registrado con el n° despido/ceses en general 645/2012 se ha acordado citar a Hermanos Gulias González SL, en ignorado paradero, a fin de que comparezca en la sala de vistas de este Juzgado de lo Social dos, situado en calle Lalín, 4-3ª planta el día 29/10/2012 a las 13 horas para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual- o solicitar su designación a través del turno e oficio, la falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a Hermanos Gulias González SL, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En Vigo, a veinte de febrero de dos mil doce.— La Secretaria Judicial, Carmen Adellac Pascual.

2012009058

* * *